fondo galego
de cooperación e solidariedade

VACACIONS

Experiencias Solidarias 2011

CON TRABALLO

Testemuños das e dos participantes no programa
Vacacións con Traballo do Fondo Galego de Cooperación
e Solidariedade



EDITA: **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**

COORDINA: **(IGADI) Secretaría Técnica do Fondo Galego**

SEDE: **Rúa Varsovia, 4º C- 6ª – 15730 Santiago de Compostela (A Coruña)**

TELÉFONO: **981-55-59-99 Fax: 981-56-52-03**

SECRETARÍA: **Illa de San Simón 36800 Redondela (Pontevedra)**

TELÉFONO: **698 156 127**

ENDEREZO ELECTRÓNICO: **info@igadi.org / www.igadi.org**

FOTOGRAFÍAS: **Fondo Galego**

DESEÑO: **Breogán Xuncal Pereira**

IMPRESIÓN: **Gráficas Feito S. L.**

DEPÓSITO LEGAL:

fondo galego
de cooperación e solidariedade

VACACIONS
Experiencias Solidarias 2011
CON TRABALLO

Testemuños das e dos participantes no programa Vacacións con Traballo do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

fondo galego
de cooperación e solidariedade

PRÓLOGO pax. 6

VACACIÓNS CON TRABALLO EN NICARAGUA

Datos básicos de Nicaragua pax. 8

Testemuño de DIEGO SÁNCHEZ pax. 11

VACACIÓNS CON TRABALLO EN CABO VERDE

Datos básicos de Cabo Verde pax. 20

Testemuño de CRISTINA MOREIRAS pax. 23

Testemuño de MARÍA JOSÉ PÉREZ pax. 30

Testemuño de JOAQUÍN LEDE pax. 47

EPÍLOGO pax. 63

PRÓLOGO

Como é ben sabido, cada paso que damos na vida, mesmo aqueles que parecen non levar a ningures, inflúen no que somos finalmente. Deste xeito, moitas das experiencias que imos vivindo fan que nós mesmos nos transformemos en persoas con outros valores, con outras miradas, con outras prioridades.

No marco do Plan de Sensibilización 2011 do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, atopamos de novo a experiencia vivida por membros das Administracións locais e provinciais galegas que entregan de xeito totalmente altruísta e voluntario a totalidade das súas vacacións laborais para colaborar en proxectos de cooperación ao desenvolvemento que tanto significan e que tanta aceptación teñen entre quen queren facer algo sen nada a cambio por mellorar a vida doutras persoas nos países do Sur.

Nesta ocasión, atopamos a experiencia que nos contan catro galegos e galegas, de distinta procedencia, e que se involucran tamén de xeito diferente tanto coa Administración pública como co propio Fondo Galego de Cooperación. As viaxes relatadas constitúen unha ferramenta moi valiosa tanto para comprender o que significa a Cooperación, con maiúsculas, coma para visualizar de primeira man o xeito en que viven e se atopan as persoas anónimas que nos países menos desenvolvidos son receptoras de axudas para o seu desenvolvemento. Ver como é alí a súa vida, ter testemuña gráfica e directa do cotián e do especial, por medio das voluntarias e voluntarios do programa Vacacións con Traballo do Fondo Galego, ten así un valor engadido específico.

Non é so que desde aquí acheguemos os nosos coñecementos e experiencias en determinados postos técnicos das Administracións galegas, é que ademais as persoas que seleccionadas para levar a cabo estas estadías nos países do Sur, neste caso Nicaragua e Cabo Verde, traen consigo non só o traballo feito alí, non só a súa experiencia persoal (que de seguro lles fixo ver con outros ollos estes países que deixaron atrás), senón que poden compartir con todos nós estas belas palabras e imaxes, poden facer que moitas persoas que na actualidade se conforman con ver a vida dun xeito sinxelo queiran profundar e comprender que existen

aínda moitas desigualdades, moitas fendas sociais que requiren unha mirada en profundidade e axuda desde o exterior.

E claro que desde o Fondo Galego, como obxectivo de divulgación, de contactar co sentir de moitas persoas que cremos que podemos mellorar se entre todos achegamos un chisco de comprensión e traballo para cos demais, estas vivencias do voluntariado nos distintos proxectos fannos reflexionar e pararnos un pouco máis a considerar as nosas vidas noutra medida. Está nas nosas mans ser máis solidarias e solidarios.

Só expresar a gratitude a estas persoas, desde o Fondo Galego, e facelas merecedoras dunha mención especial, xa que nos traen na súa memoria parte do importante labor de axuda, de comprensión dos problemas e do traballo compartido con quen alí os acolleron e cos que alí traballaron a diario, ás veces topando máis dificultades das esperadas e sendo e sentíndose tamén un máis entre elas e eles.

Podemos facer sen reservas a consideración de que son catro testemuñas que nos van permitir abrir unha fiestra á realidade da cooperación e de como podemos axudar cada un e cada unha de nós, sendo o que somos, achegando cada quen o que ten, e entre todas e todos, paso a paso, conseguir mellorar as condicións nas vidas das persoas dos países menos desenvolvidos.

Se queremos acadar mudanzas, temos que ser quen de tomar partido e mostrarlle ao mundo aquilo que estamos a levar adiante para tentar cambiar as cousas. Esta é a vocación deste documento, que cada persoa que o revise se sensibilice coa tarefa levada adiante no eido da cooperación municipalista galega, mediante as Vacacións con Traballo de 2011.

Grazas aos catro voluntarios e voluntarias e que a vosa experiencia enriqueza tamén a vida de moitas persoas máis, a través do voso labor solidario.

Teresa París - Presidenta do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade



VACACIÓNS CON TRABALLO EN NICARAGUA

DATOS BÁSICOS

NOME OFICIAL: República de Nicaragua.

CAPITAL: Managua. 1.850.000 habitantes (2010).

SUPERFICIE: 130.370 km2. É o país con maior superficie de América Central, localizado entre o Océano Pacífico e o Mar Caribe, fronteirizo con Honduras e Costa Rica. Nicaragua posúe unha notable diversidade xeográfica, con rexións volcánicas, montañosas e de alta pluviosidade. No entanto, existen problemas ambientais derivados da polución marítima, da deforestación e da erosión do solo.

POBOACIÓN: 5.995.928 persoas (Banco Mundial, 2011). O crecemento demográfico calcúlase nun 1,78%. Un 57% da poboación vive en zonas urbanas. A densidade demográfica é de 42,7 hab/km2. Existe unha poboación inmigrante de aproximadamente 30.000 persoas, sobresaíndo grupos emigrantes de orixe armenia, xudía, palestina, libanesa e siria.

ALFABETIZACIÓN: 78% (Banco Mundial, 2010). En 2008, a Unesco anunciou que Nicaragua estaba realizando "pasos avanzados e positivos" por alcanzar o rango de "territorio libre de analfabetismo", debido á efectividade da ampliación dos seus programas educativos, que lograron reducir a menos do 5% a taxa de analfabetismo.



ESPERANZA DE VIDA AO NACER: 73,5 anos (Banco Mundial, 2010). O PNUD estimou unha incidencia da desnutrición no 21% da poboación nicaraguana (2009) e unha taxa de mortalidade infantil de 23 por cada 1.000 nacementos (2010).

ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO (IDH): 0,565. Posición 115 entre 169 países (Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento, 2010).

LINGUAS: A lingua oficial é o español, falado polo 97,5% da poboación (Censo Nacional, 2005). Existen comunidades que falan inglés, crioulo, miskito (lingua das comunidades aborixes principalmente localizadas na costa caribe, falada por un 1,7%) e outras linguas das comunidades indíxenas (sumu, rama, garífuna).

CONFIGURACIÓN RACIAL: 69% mestizos, 17% brancos, 9% negros, 5% amerindios. Segundo estatísticas oficiais do Instituto Nacional de Información e Desenvolvemento (INIDE), a configuración racial divídese do seguinte xeito: 27% miskitos, 25% mestizos da costa caribe, 25% outros (brancos, mestizos), 10% comunidades indíxenas chorotega, nahua, mange; 5% crioulo (kriol); 5% xiu, sutiava; 3% cacaopera, matagalpa.

RELIXIÓNS: Católica (58,5%), evanxélicos (21,6%), moravianos (protestantes da Irmandade Moraviana, 1,6%), testemuñas de Xehová (1%), outras (1,7%).

MOEDA: Córdoba. A convertibilidade (2011) é de 1€ = 29,7390 Córdobas nicaraguanos (NIO).

PIB PER CÁPITA: US$ 3.000 (Banco Mundial, 2010). Porén, o Banco Central de Nicaragua (2010) estima esta cifra en US$ 1.200. Despois de Haití, Nicaragua é o país máis pobre do hemisferio occidental.

CRECEMENTO ECONÓMICO: 4,5% (estimacións Banco Central de Nicaragua e Comisión Económica para América Latina, CEPAL, 2011).

POBREZA: 44,7% (Banco Mundial, 2010). Segundo un informe da Fundación Internacional para o Desafío Económico Global (FIDEG), co patrocinio do Banco Mundial, un total de 300.000 nicaraguanos saíron da pobreza extrema no período 2005-2009, propiciando unha caída de 3,6 puntos porcentuais na pobreza global, que pasou do 48,3% ao actual rexistro de 44,7%.

DIVISIÓN DO PIB: Agricultura 16,9%, industria 25,8%, servizos 57,3%.

INFLACIÓN: 6,6% (Banco Central de Nicaragua, 2011).

INVESTIMENTOS DIRECTOS ESTRANXEIROS (IED): US$ 900 millóns (Axencia de Promoción de Investimentos ProNicaragua, 2011). Cifra histórica, en gran medida propiciada polos investimentos desde México, EEUU e Venezuela (a través da Alternativa Bolivariana para as Américas, ALBA), e doutros países como España, Taiwán, Corea do Sur, Canadá, Brasil e Xapón.

PRINCIPAIS SOCIOS COMERCIAIS: EEUU, El Salvador, Honduras, Costa Rica, México, Venezuela, Guatemala, China.

PRINCIPAIS RECURSOS: Ouro, prata, cobre, tungsteno, zinc, pesca.

INDEPENDENCIA: 15 de setembro de 1821 (independencia do Imperio español). Despois, a actual República de Nicaragua logrou a súa autonomía política do entón denominado I Imperio mexicano o 19 de marzo de 1823. Posteriormente, Nicaragua pasou a formar parte da Unión Centroamericana, da que se separou definitivamente en 1838, sendo o primeiro Estado en separarse desa unión rexional.



TESTEMUÑO DE DIEGO SÁNCHEZ CALVIÑO

Técnico en Turismo do Concello de Castrelo de Miño (Ourense).
Instituto de Promoción Humana–Somoto, Nicaragua.

VACACIÓNS CON TRABALLO

Debo recoñecer que, con anterioridade a ser partícipe deste programa, non tiña oído falar do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade nin moito menos do programa Vacacións con Traballo, pero cando chegou á miña bandexa de entrada aquel correo electrónico reenviado polo meu alcalde algo me atraeu rapidamente.

Primeira ollada: programa de voluntariado internacional para as traballadoras e traballadores da Administración local galega; interesante, non vai á papeleira, haino que ler con máis calma. Segunda ollada: consiste en pasar o mes de vacacións nun país do Sur desenvolvendo un traballo similar ao do teu lugar habitual de traballo cooperando cun dos parceiros do Fondo Galego; de acordo, interésame! Imos ver os requisitos: traballar nun dos Concellos socios do Fondo Galego e ter un dos perfís que solicitan os parceiros. O primeiro cúmproo, así que imos ver os perfís. O primeiro: Nicaragua, técnico na área de turismo, valoraranse coñecementos en creación e edición de vídeo; impresionante, parece que está chamando por min!



Pero nunca fixeches nada relacionado coa cooperación, nunca colliches un voo transoceánico, non sabes o que vas atopar alí, quizais non teñas os coñecementos axeitados para o que eles buscan... Polo momento imos facer a solicitude e xa me preocuparei diso se me elixen...

E aínda recordo a chamada de Ánxelo, daquela responsable da Secretaría Técnica do Fondo Galego, para dicirme que fora seleccionado. Todas esas dúbidas desapareceron no momento da chamada e convertéronse en ganas de coñecer o meu destino e comezar a prepararme para esta experiencia.

OS PREPARATIVOS

O primeiro que fixen cando souben que estaba seleccionado foi comezar a buscar en internet información de Nicaragua, de Madriz, de Totogalpa, de Somoto... Quería construír unha imaxe do lugar no que ía a pasar a miña estadía. Ata que me decatei de que estaba a cometer un erro, que toda esa información, ademais de ser máis ou menos realista, ía crearme unha imaxe desde o exterior cando eu ía ter a posibilidade de coñecelo desde dentro, así que aparquei a busca de información para estar máis receptivo e menos predisposto no momento da estancia.

O resto dos preparativos, moi sinxelos. Pola miña parte, facer o pasaporte e pór as vacinas, xa que o tema das viaxes e mais o aloxamento xestiónaos o Fondo Galego co parceiro correspondente, polo que é moi cómodo para as e os participantes.

A VIAXE

Vigo - Madrid, Madrid - San José (Costa Rica), San José - Managua. Voos tranquilos, con tempo suficiente para coller os enlaces e non demasiado para non ter que agardar moito, e as temidas dez horas do voo entre Madrid e San José pasáronse moito mais rápido do que agardaba.

Ao chegar a Managua, e tras pasar os controis aduaneiros, alí estaba Don Luis, o primeiro nicaraguano que coñecín (aínda que realmente era guatemalteco). Deume a benvida, saímos do aeroporto e montamos nunha das camionetas do INPRHU, que nos ía achegar ata Somoto, nunha viaxe de tres horas.

Don Luis era moi falador, preguntábame e contábame cousas de Nicaragua, do INPRHU... Pero debido ao cansazo pola viaxe e pese aos meus baldíos esforzos por continuar a conversa e manterme esperto, non puido ser e durmín máis da metade da viaxe.

Arredor das 23 horas cheguei ao que sería a miña casa durante ese mes, onde me recibiu Don Bislan, que moi amablemente me amosou o meu cuarto e as estancias da vivenda. Agora tería dous días para afacerme, xa que o día 1 deixáronmo para descansar e o 2 de novembro celébrase o Día de Mortos, que é festivo nacional.

O CEAR TELPOCHCALLÍ, O MEU LUGAR DE TRABALLO

Foi o mesmo Don Luis o que me acompañou por vez primeira ao Telpochcallí, o que sería o meu lugar de traballo, ademais de Doña Gladys, directora do INPRHU de Somoto.

O Centro de Educación Alternativa Rural é un centro formativo eminentemente práctico, dirixido e adaptado ás necesidades da poboación local, no que teñen especial importancia as tarefas agropecuarias. É un recinto moi extenso, xa que se experimenta con cultivos e técnicas para lograr un maior rendemento das terras.

Destaca o edificio principal, no que se atopan as oficinas, onde na súa parte superior se representan dúas serpes aladas enfrontadas, simbolizando o coñecemento e a confrontación entre o ben e o mal. Tamén as cores da bandeira

da poboación indíxena local, os chorotegas. E as columnas están gravadas contando a historia deste pobo desde a súa chegada ata a actualidade.

No centro traballan unhas vinte persoas, entre elas os encargados do proxecto turístico no que colaborei, Don Armando e Don Carlos. Neste proxecto tamén participaba Doris, outra cooperante do Canadá.

Así que tras unha introdución sobre o centro, o INPRHU e o proxecto de desenvolvemento turístico, comezamos a ver cal sería o mellor xeito de traballo e decidimos que eu achegaría os meus coñecementos nas accións que estaban programadas para ese mes.

O PROXECTO TURÍSTICO

O meu traballo como técnico en Turismo desenvolveuse dentro dun proxecto de desenvolvemento turístico cultural comunitario para mellorar os ingresos de 235 familias de 17 comunidades de Totogalpa, encabezado pola ONG Treball Solidari a través da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).

Por unha banda, un membro de cada unha das 235 familias escollidas, cuns ingresos moi baixos baseados na agricultura de subsistencia, recibe formación nalgún dos perfís que se identificaron como necesarios: guías turísticos/as, artesáns/ás, cociñeiros/as, panadeiros/as, músicos/as, grupos de baile ou produtores/as de materias primas.

Por outra, e seguindo directrices do Plan Estratéxico de Desenvolvemento Turístico Municipal de Totogalpa elaborado polo Instituto Nacional de Turismo (INTUR), desenvólvense unha serie de actuacións para poder atraer turistas, tales como sinalización de recursos, avaliación de rutas de sendeirismo, creación dun ecoalbergue...

Por tanto a iniciativa cobre tanto a parte de formar a poboación local como a de crear as condicións necesarias para que as e os turistas cheguen a Totogalpa. No momento da miña estadía estábase xusto na metade do proxecto, que ten unha duración de dous anos.



O MEU TRABALLO

A xornada laboral comezaba agardando na sede do INPRHU de Somoto pola camioneta que nos levaba ata o Telpochcallí. Unha das experiencias máis divertidas e que botarei en falta é ir a traballar na parte traseira dunha camioneta aberta, descubrindo a vida que hai en Nicaragua á beira das estradas.

Despois as xornadas dividíronse máis ou menos a partes iguais entre traballo de campo e traballo de oficina, sendo moito máis interesante o traballo de campo, que me permitiu coñecer o territorio, a súa xente e as súas paisaxes. Pero o traballo de oficina tamén é necesario para planificar, tabular enquisas, analizar resultados, propor ideas, preparar a divulgación dos traballos realizados, etc.

A comida era no propio centro Telpochcallí, tempo para compartir conversas cos compañeiros do centro. A xornada finalizaba arredor das cinco da tarde, hora na que a camioneta nos levaba de volta a Somoto.

AS MIÑAS TAREFAS FAVORITAS

Unha das tarefas que máis me gustaron foi a avaliación de rutas de sendeirismo, en concreto as de 'La poza de la Muta' e 'Las tres señoritas'.

O traballo consistiu en realizar unha visita guiada cun "grupo de control" por estas rutas e despois facerlle unha enquisa para coñecer a súa opinión sobre o interese da ruta, o traballo do guía, as actividades realizadas, etc., para así introducir as correccións necesarias e convertelas nun futuro próximo nun produto turístico.

Outra tarefa moi interesante foi unha xornada de sensibilización que se fixo cos grupos de música local, para explicarlles en qué consistía o proxecto de desenvolvemento turístico, cales son os potenciais da zona e como as e os músicos podían contribuír a este desenvolvemento, recalcando a importancia de conservar a música tradicional.

E como non, a preparación dunha viaxe de sensibilización para os axentes turísticos de Totogalpa, para o cal o equipo completo viaxamos a coñecer lugares e establecer contactos para posteriormente visitalos cos axentes e sensibilizalos da importancia da actividade turística noutros lugares, tales como o Parque Nacional do Volcán Masaya, o museo arqueolóxico de Granada ou o "Arboretum" da Universidade de Managua.

A VIDA EN SOMOTO

Somoto é unha cidade de arredor de 35.000 habitantes, moi tranquila e que permite desprazarse camiñando a calquera punto. A peculiaridade de que as rúas non teñan nome en case todos os lugares de Nicaragua, fai un pouco complicado orientarse ao principio, aínda que é moi sinxelo, xa que todas as vías son paralelas ou perpendiculares e tanto o reloxo da igrexa como a antena de telecomunicacións son visibles desde calquera punto da cidade.

O contraste arquitectónico é moi importante, xa que case todas as casas son de planta baixa, con algunha excepción de dous andares. As rúas están empedradas e algunhas aínda son camiños de terra. As tendas ocupan os baixos das vivendas familiares e en case todas as casas, aínda que non sexan tendas, véndese algo (xeo, queixo, rosquillas...). A venda de froitas e verduras faise nas beirarrúas e constantemente pasan pola rúa os carriños de xeados.

A temperatura nalgúns momentos resulta moi calorosa, pero habitualmente é moi confortable; en toda a miña estancia non tiven que usar manga larga. Iso

si, a pesar de ter pasado a época de choivas sempre pode chegar unha "brisa" como din os nicas, que sería o que aquí lle chamamos "chaparrón".

Os nicaraguanos e as nicaraguanas son xente amable, non moi extravertida, pero unha vez que hai confianza gústalles conversar, coñecer cousas sobre España, e a maioría son moi afeccionados ao fútbol español.

O meu anfitrión foi Don Bislan, director de Recursos Humanos de INPRHU Somoto, e mais a súa familia, muller e dous nenos pequenos. A miña habitación era moi espazosa e cómoda, e tiña total intimidade. Convivir cunha familia ten os seus pros e os seus contras. Por unha banda, un tense que adaptar aos horarios de comidas, de uso do baño e de entrar e saír da casa, que aínda que non foron impostos en ningún momento por Don Bislan, tratei de manter para causar as menores molestias posibles.

Pola outra, tiña un cicerone que me amosou lugares, presentoume persoas e sobre todo que me axudou a coñecer a idiosincrasia da poboación nicaraguana. Coincidiu ademais que se celebraban as eleccións xerais tanto en Nicaragua como en España, polo que tamén houbo oportunidade de falar da situación sociopolítica de ambos os dous países, que encheu abondosas sobremesas.

Por último, destacar a Cooperación Internacional. En Somoto están presentes diversas ONG e organismos de cooperación internacional de varios países do mundo coma Canadá, Xapón, Alemaña, Luxemburgo... Polo que atoparemos múltiples carteis que anuncian que tal parque ou tal obra se fixo coa colaboración da cooperación internacional. Entre todas destaca Lasarte-Orio, cidade vasca coa que están irmandados e que financiou a Casa do Concello, a estación de autobuses, o parque municipal e outras moitas obras. Pero non só iso, Lasarte tamén é cidade de acollida, eles mesmos chámanlle o barrio máis grande de Somoto, xa que preto de 1.500 mulleres somoteñas viven nesta cidade, onde traballan principalmente no servizo doméstico e coidado de persoas maiores co fin de aforrar o necesario para volver e mercar a súa casa.

CONCLUSIÓNS LABORAIS

O proxecto de desenvolvemento do turismo rural comunitario ten unha realización técnica moi boa, cunha boa planificación, obxectivos e plans para levalo adiante.



Desde o meu punto de vista, o municipio de Totogalpa ten as singularidades suficientes para que, cumprindo co estipulado no plan, se poida converter nun lugar cunha certa actividade turística, sobre todo para turistas nacionais, cooperantes e "mochileiros" que percorren Centroamérica. Dificilmente se poderá converter nun lugar onde o turismo sexa a actividade principal como poden ser Granada, León ou Ometepe, mais esa tampouco é a intención do proxecto, senón que sexa unha fonte de ingresos complementaria.

Pero ten unha debilidade moi importante que pode facer fracasar o proxecto se non se consegue reverter, o factor humano. Estase a traballar con persoas acostumadas a subsistir, para as que o turismo nin sequera existe, e nalgúns casos desarraigada, xente con moi pouca autoestima e por tanto con falta de confianza para recibir foráneos, así como para seren proactivos á hora de desenvolverse. Transformar ese carácter será unha tarefa traballosa, que se debe facer paseniño para ir acadando pouco a pouco os resultados desexados.

A estancia faise realmente curta, xa que entre que se coñece o proxecto, compañeiros, forma de traballo, o que se leva feito e o que se quere facer, xa

pasou o mes, e sería a partir dese momento cando realmente se podería comezar a traballar "a pleno rendemento".

CONCLUSIÓNS PERSOAIS

A nivel persoal, o mes de novembro foi unha especie de "volta á orixe". En Nicaragua descubrín unha realidade moi similar ao que podía ser a Galicia rural fai tres ou catro décadas e que eu, grazas aos meus avós, aínda lembro.

Falo da agricultura de subsistencia, das pequenas casas onde vivían grandes familias, de non ter auga corrente e ter que quentala na cociña, non ter baño nas casas e ter que saír a unha latrina externa, transportar as cousas con xugadas de bois ou en burro, as mulleres levando na cabeza un cesto de roupa para lavar no río, os nenos xogando na rúa con calquera cousa como pelota e porterías... E con todo isto non son menos felices.

Está ben recordar os pequenos luxos cotiás dos que hoxe xa non nos damos conta e que cousas que hoxe nos resultan indispensables realmente non o son.

CONCLUSIÓN FINAL

Viaxar, coñecer outra cultura, xente doutros países, poder aportar algo a persoas que o precisan, abrir a mente a outras realidades, aprender e ensinar. Por estas e moitas outras razóns difíciles de explicar pero que se viven e se gravan, Vacacións con Traballo é unha oportunidade única.

Blog da experiencia:

http://novembroentotogalpa.blogspot.com

VACACIÓNS CON TRABALLO EN CABO VERDE



DATOS BÁSICOS

NOME OFICIAL: República de Cabo Verde.

CAPITAL: Praia, na illa de Santiago. 113.665 habitantes (2010).

SUPERFICIE: 4.033 km2. O arquipélago está localizado no punto máis occidental do continente africano, a 455 km da costa. Conta con dez illas de configuración desértica, volcánica e tropical. Divídense en dous distritos: as de Sotavento, ao Sur (Santiago, Maio, Fogo e Brava); e as de Barlavento, ao Norte (Santo Antão, São Vicente, Santa Luzia, São Nicolau, Sal e Boavista).
O clima é árido, con veráns quentes e secos. Son frecuentes as secas, polo que resulta preocupante a escaseza de auga, afectando seriamente ás actividades agrícolas e gandeiras (só un 10% do solo está cultivado). Isto determina unha forte dependencia das importacións de alimentos, así como tamén de hidrocarburos.

POBOACIÓN: 542.000 habitantes (estimacións ONU, 2010). O crecemento demográfico calcúlase nun 1,4% e a densidade de poboación é de 125 hab/km2. Un 61,1% da poboación vive en zonas urbanas. Un 40% da poboación é menor de 18 anos.

ALFABETIZACIÓN: 84% (Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento, 2011)



ESPERANZA DE VIDA AO NACER: 71,7 anos (PNUD, 2010). A taxa de fecundidade está en 3,5 fillos. Decrece a mortalidade infantil e posúe a taxa mais baixa de infectados por SIDA/HIV en África (0,04%).

ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO (IDH): 0,534. Posición 118 de 169 países (PNUD, 2011).

LINGUAS: Portugués e crioulo, unha mestura do idioma portugués con linguas africanas, da que cada illa de Cabo Verde posúe un dialecto propio. O crioulo non é aínda unha lingua oficial en Cabo Verde. É igualmente falado na diáspora caboverdiana existente en Francia, Alemaña, Italia, Luxemburgo, Países Baixos, Portugal, Senegal, España, EEUU e Brasil, entre outros países.

Configuración étnica e racial: Maioritariamente mestizos, produto da fusión de negros autóctonos e brancos, principalmente de orixe portuguesa. Proporción aproximada: 71% crioulos ou mestizos, 28% negros, 1% europeos.

RELIXIÓNS: Católica (98%). Presenza de credos autóctonos. Tamén existen comunidades de cristiáns protestantes do credo da Igrexa do Nazareno.

MOEDA: Escudo de Cabo Verde, dividido en 100 centavos. A convertibilidade é de € 1=111,111 escudos e 1 Escudo = € 0,009 (2011).

PIB PER CÁPITA: US$ 3.007 (Banco Mundial, 2010). Cabo Verde posúe un dos

PIB per cápita mais elevados do continente africano, só por detrás de África do Sur, Gabón e Guinea Ecuatorial.

CRECEMENTO ECONÓMICO: 4,1% (2011). Cabo Verde ingresou en 2008 na Organización Mundial do Comercio (OMC). No mesmo ano oficializouse a súa incorporación aos países con renda económica intermedia a nivel mundial. No entanto, Cabo Verde segue dependendo considerablemente da axuda exterior, especialmente ante a importación dun 90% dos seus alimentos.

POBREZA: Aproximadamente 30% (2009).

DIVISIÓN DO PIB: Sector primario 8,8%; sector secundario 18,1%; sector terciario 73,1%.

INFLACIÓN: 2,2% (2011).

INVESTIMENTOS DIRECTOS ESTRANXEIROS (IED): US$ 120 millóns (2011).

PRINCIPAIS SOCIOS COMERCIAIS: Portugal, Países Baixos, Marrocos, España, Gran Bretaña, Italia, Coté d'Ivôire.

PRINCIPAIS RECURSOS: bananas, peixe, sector turístico, petróleo, sal e azucre.

INDEPENDENCIA: Tras 500 anos de dominio colonial portugués, a República de Cabo Verde declarou a súa independencia o 5 de xullo de 1975.





TESTEMUÑO DE CRISTINA MOREIRAS MOSQUERA

Técnica da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Ourense. Cámara Municipal do Paúl, Cabo Verde.

O MUNICIPIO DO PAÚL

Paúl é un dos 22 concellos de Cabo Verde. Está situado na costa nordeste da illa de Santo Antão, a segunda maior illa do arquipélago caboverdiano.

O municipio do Paúl ten un terreo moi accidentado e extremadamente montañoso. Só un terzo das terras son cultivables, e só un quinto dos terreos son axeitados para a construción. Territorialmente, está organizado en máis de 30 comunidades rurais e unha urbana, Vila das Pombas. A poboación do municipio era de 8.771 persoas en 2010, segundo o INE.

A súa economía depende principalmente da agricultura, obtendo o protagonismo a cana de azucre para producir grogue (augardente), seguida do turismo. Hai uns anos, a cana vendíase ao exterior e producía uns cobizados beneficios, polo que moitos agricultores substituíron os cultivos tradicionais da horta, que quedaron relegados ao autoconsumo. A día de hoxe, a quimera da cana de azucre foise apagando, ocasionando unha grande oferta sen apenas compradores.



Non me quero esquecer de nomear algúns produtos que o val do Paúl ofrece xenerosamente, como son: bananas, goiaba, papaia, maracuiá, repolo, ñame, mandioca...

A pesca, que en principio podería ser unha importante fonte de ingresos, limítase ao autoconsumo, utilizando pequenas barcas de madeira e métodos de pesca artesanais. A gandería non ten moita representación, redúcese a algúns porcos, cabras, galiñas e vacas, unicamente para o consumo familiar.

En canto á gastronomía, a "cachupa" merece todo o protagonsimo, é un prato con base de millo que supón o sustento alimenticio da maioría da poboación caboverdiana.

A situación social é complexa. A sociedade, na súa maioría, está formada por familias con moita descendencia (a media é de cinco fillos/as, pero son habituais unidades familiares con dez fillos/as) e escasos recursos económicos. Numerosos núcleos familiares están constituídos pola nai e os seus fillos e fillas, o que implica que a nai é o único sustento familiar.

Exceptuando as que pertencen a familias con maior poder adquisitivo e teñen acceso a formación no estranxeiro, as mulleres son relegadas aos traballos do fogar e do campo (pouco valorados e escasamente remunerados), sendo habitual que se dediquen a transportar pedras, area, piñas de bananos, pa-

paias... Poderiamos dicir que os traballos pesados e cotiás recaen nas mulleres, mentres que os homes dedícanse aos labores do campo, a condución dos "alugueres" (furgonetas que empregan como transporte), traballos temporais na construción e, en moitas ocasións, a xogar ás cartas e ao ouril, e a pasar o día sen facer moita cousa.

En relación co sistema educativo, se ben é certo que no municipio non hai ningún centro de formación técnica ou superior, conta con numerosos centros educativos a nivel de preescolar, ensino básico e secundario. A aposta dos gobernantes pola educación vese reflectida tanto polas numerosas escolas esparexidas no territorio, como pola súa construción, sendo na maioría das ocasións os únicos edificios rematados e pintados da comunidade.

A MIÑA EXPERIENCIA NA CÁMARA MUNICIPAL

O 21 de outubro comezou a miña aventura na Cámara Municipal do Paúl, grazas ao programa Vacacións con Traballo 2011. Despois de moitas semanas cargadas de inquedanzas e ilusións chegaba á Vila das Pombas, tendo por diante un mes de novidades culturais, profesionais, idiomáticas, e sobre todo persoais.

Tiven a sorte de ser acollida no Organismo Autónomo de Auga e Saneamento, do que forma parte o departamento de Medio Ambiente. O meu traballo desenvolveuse ao carón do Señor Benvindo Gomes, director do organismo autónomo, e das Señoras Liana María Nascimento e Neusa Silva, técnicas de medio ambiente.

O meu Concello de acollida recibiume con tres días de choivas torrenciais, que paralizaron as actividades diarias dos paulenses. Aínda que son esperadas pola poboación coma unha gran festividade, provocan graves consecuencias: desprendementos de rochas, illamento de comunidades, crecidas das ribeiras que arrastran os cultivos ao mar (principalmente o ñame, que se planta nos leitos das ribeiras), roturas de tubaxes de saneamento... Esta situación fixo que durante os días posteriores á choiva o traballo fose incesante, xa que tivemos que, nun primeiro intre, acudir ás distintas comunidades do municipio para comprobar e valorar os danos provocados, e posteriormente organizar as diversas xornadas de traballo para arranxalos. É preciso ter en conta que numerosas comunidades do municipio do Paúl non teñen acceso por estrada,



polo que é preciso andar por carreiros, en ocasións horas, ata chegar ao lugar de destino. Isto fai que os traballos de recuperación se demoren máis do desexado.

No ámbito do medio ambiente, tal e como me solicitaran no programa de traballo, fun cargada de presentacións e documentación do cambio climático, de manuais de biodiversidade, de aforro de auga... Todas dirixidas a rapazas e rapaces en idade escolar, desde preescolar ata secundaria. Tiven diversas reunións co persoal docente da escola secundaria de Eito e fíxenlle entrega do material para uso didáctico.

Quero salientar a vontade das técnicas de medio ambiente por trasladarlle á poboación o respecto á natureza e a súa posta en valor. A escaseza de medios non é obstáculo para que emprendan moreas de campañas de sensibilización e de educación ambiental.

Con Liana, tiven a oportunidade de comprobar a problemática da recollida e do tratamento do lixo no municipio, e na illa. Fixemos numerosas visitas as distintas poboacións (Eito, Cabo de Ribeira, Figueiral...) e detectamos a existencia de numerosos vertedoiros incontrolados, ao carón dos colectores de lixo en moitas ocasións. Na miña estadía puiden comprobar que o camión de recollida de lixo levaba estragado dous meses, o que obrigaba aos operarios a facer a recollida nun utilitario cun remolque, non axeitado para esta tarefa.



Isto, unido á problemática de que moitas comunidades non contan con un acceso por estrada, fixo que traballásemos nunha campaña para fomentar a "compostaxe caseira" co fin de reducir no posible a cantidade de residuos. Elaboramos un tríptico explicando de xeito esquemático e sinxelo que é a compostaxe caseira, como se elabora, que materias se poden utilizar e cales son as vantaxes. Para obter a maior difusión posible da campaña, e así unha maior eficiencia, organizáronse reunións coas comunidades, nas que ademais de entregarlles a documentación, resolvíanse todas as dúbidas.

A recollida do lixo e o tratamento dos residuos é unha cuestión sen resolver tanto no municipio do Paúl coma na illa. Se ben é certo que contan con un proxecto para a instalación dun vertedoiro que dea servizo aos tres concellos da illa, a día de hoxe aínda non se executou por falta de orzamento.

Con Neusa, participei nunha campaña de educación ambiental dirixida principalmente á mocidade. A nosa intención era que as novas xeracións se implicasen dun xeito activo, e penso que o conseguimos. A actuación consistiu nunha xornada na que, en compañía das mozas e mozos de Vila das Pombas, plantamos árbores en diversas localidades baixo as directrices da técnica. Cabe salientar tanto a colaboración do Ministerio de Medio Ambiente como a da veciñanza, pois en ambos os dous casos nos proporcionaron as citadas árbores de balde.



Outra problemática que está presente nas poboacións costeiras, con graves consecuencias para o medio ambiente, é a extracción de area das praias. Se ben é certo que a normativa o prohibe, a realidade é que para moitas familias supón a única fonte de ingresos. Por iso, desde a Cámara Municipal estase a por en marcha un proxecto de adquisición de terreos agrícolas para que poidan ser cultivados polas persoas que hoxe en día viven da extracción da area, e ofrecerlles unha alternativa.

MORABEZZA

É un termo que non ten tradución literal na nosa lingua. Morabezza significa hospitalidade, un sorriso, alegría, sempre un saúdo... e tantas cousas máis que fan que te atopes coma na túa casa. É a dispoñibilidade que teñen as xentes caboverdianas para acollerte na súa casa, para ter sempre tempo para unha conversa, para ofrecerche un prato de cachupa...

Grazas á hospitalidade das e dos paulenses, aos dous días de estar alí penso que xa coñecía a maioría das persoas que viven en Vila das Pombas.

A vida social xira en torno á praza, presidida pola Cámara Municipal. É o punto de encontro e o espazo de infinitas conversas, e pronto se converteu no meu lugar favorito nas tardes de lecer. Mentres os nenos xogan e corrican, os adultos debaten sobre política e fútbol.





Cando me dispuña a dar un paseo, nunca avanzaba máis de cinco metros soa, sempre atopaba a alguén disposto a regalarme a súa compaña e a súa conversa. Isto fixo que entendese axiña o significado de morabezza.

Soamente teño palabras de agradecemento para todas e todos aqueles que fixeron que a miña estadía estivese chea de momentos máxicos e inesquecibles. Para as traballadoras e traballadores da Cámara Municipal, especialmente a Benvindo, Neusa e Liana, os meus compañeiros do día a día. Para a señora Joana, desde xa a miña nai paulense, que durante un mes estivo pendente de min desde o almorzo ata a cea para que non me faltase de nada. E como non, para o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, por brindarme esta oportunidade.



TESTEMUÑO DE MARÍA JOSÉ PÉREZ GONZÁLEZ

Arquitecta da Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Deputación de Pontevedra. Cámara Municipal do Paúl, Cabo Verde.

ANTES DA VIAXE

Todo comezou no mes de abril, cando recibín desde o servizo de Acción Social da Deputación de Pontevedra a convocatoria do programa Vacacións con Traballo do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Ofertaban, entre outras, dúas prazas de arquitecto/a dirixidas a persoal das Administracións locais e provinciais para cooperar durante un mes en Cabo Verde.

Comecei entón a informarme do labor do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade como unha asociación que engloba a moitos Concellos e ás catro Deputacións de Galicia, e que concentra os esforzos dos poderes locais galegos no eido da cooperación ao desenvolvemento.

O seguinte paso foi coñecer máis en profundidade o programa Vacacións con Traballo e convencéronme os seus obxectivos: estreitar lazos entre persoal técnico local galego e dos países do Sur, intercambiando coñecementos e experiencias profesionais, para un mutuo fortalecemento e enriquecemento; implicar as servidoras e servidores públicos en actividades que estimulen o

seu compromiso solidario, e para que a súa experiencia, á volta, sirva de estímulo a outras persoas; coñecer de primeira man os proxectos que o Fondo Galego ten apoiado e apoia no Sur, e a oportunidade de entrar en contacto con outras culturas. Ademais, para ter un maior coñecemento do programa, nada mellor que ler os testemuños das e dos participantes en Vacacións con Traballo no ano 2010.

Tras coñecer en profundidade o programa, e lembrando a enriquecedora experiencia que vivín participando como persoal de acollida no programa de cooperación entre a Axencia Española de Cooperación Internacional (AECID) e o Consorcio de Santiago, a través do cal arquitectos e técnicos latinoamericanos estiveron a colaborar no Obradoiro de Proxectos da Oficina Técnica do Consorcio de Santiago onde traballei durante dous anos, leváronme a presentar a miña candidatura para participar no proceso selectivo deste programa de voluntariado internacional.

Resolveuse a convocatoria e tiven a fortuna de ser unha das elixidas, colaborando coa Cámara Municipal de Paúl na illa de Santo Antão, en Cabo Verde, durante un mes.

O principal motivo que me levou a implicarme neste programa de cooperación foi o de adquirir experiencia persoal e profesional nun proxecto deste tipo, entrando en contacto directo con outra cultura e intercambiando experiencias e coñecementos para un mutuo enriquecemento.

O modo de introducirme neste proxecto comezaría por coñecer e comprender a realidade social e cultural do país ao que viaxaría, para posteriormente integrarme coma un membro máis dun equipo de traballo e ser quen de desenvolver o meu labor dun xeito respectuoso, nun contexto cultural diferente e tendo en conta os recursos do lugar.

CHEGADA A PAÚL

O martes 27 de setembro cheguei a Paúl, tras unha viaxe moi longa, pero que non percibín como tal, pola ansia que tiña por acadar o meu lugar de destino.

Sempre que viaxo a un lugar novo, preciso polo menos dun día de adaptación; ese día no que aínda pensas "por que terei vido", "co ben que estaba eu na

casa", e cousas polo estilo. En Paúl non ocorreu isto e a adaptación foi total desde o primeiro momento.

Tras unha viaxe en autobús desde Pontevedra a Porto, dúas viaxes de avión de Porto a Lisboa e de Lisboa á illa de São Vicente (Cabo Verde) e unha viaxe en barco desde a illa de São Vicente á illa de Santo Antão, cheguei ao porto de Porto Novo ás cinco da tarde, onde me estaba esperando César, un dos condutores da Cámara Municipal de Paúl para levarme ata Cidade das Pombas, vila onde se atopa a Cámara e onde pasaría un mes gozando das miñas Vacacións con Traballo. No traxecto de Porto Novo á Cidade das Pombas comecei a descubrir as paisaxes de ribeiras, vales e montañas que me atoparía nese marabilloso lugar.

Ao chegar á Cidade das Pombas, César levoume directamente a unha casa propiedade da Cámara e que prepararon con moito esmero para que eu vivise nela. Alí coñecín a Vera Almeida, que ademais da presidenta da Cámara Municipal de Paúl sería a miña veciña de arriba durante esa temporada. Tamén coñecín a Joana, quen amais de traballar no departamento de contabilidade da Cámara, coidaría de min coma unha nai. Ese día, como xa se fixera de noite e co cansazo que acumulaba tras a longa viaxe, fun directamente a durmir.

Á mañá seguinte, e despois de tomar o pequeno almorzo que preparou Joana, veu recollerme José Luis Graça, o arquitecto do gabinete técnico, e fomos di-



rectos ao edificio da Cámara Municipal, onde me presentou a todo o persoal e me amosou as instalacións. A continuación dirixímonos ao gabinete técnico, o meu lugar de traballo durante esa temporada. Alí coñecín aos que serían os meus novos compañeiros: Denilson, Rufino, Manuna, Eliseo, Domingos, Lume, Nito e Mateus.

OS PRIMEIROS DÍAS EN PAÚL

Os primeiros días en Paul dediqueinos a coñecer o contorno no que traballaría:

A Cidade das Pombas



A estatua de Santo Antão preside a vila, e desde o lugar que ocupa podemos facernos á idea de como é a cidade.

A Cidade das Pombas, coma moitos outros núcleos da illa de Santo Antão, é un territorio marcado polo contacto directo co Océano Atlántico e as ribeiras de desembocadura dos vales.

A Cidade das Pombas está constituída polo núcleo histórico e os núcleos máis ou menos consolidados (Passo e Paúl de Baixo), separados polo leito da ribeira de Paúl e ligados por unha ponte que posibilita a comunicación entre eles.







A cidade organízase a partir de dúas vías concorrentes, unha estreita masa edificada case continua aos lados destas vías e parcelas agrícolas que non foron alteradas de forma significativa, sobresaíndo entre as novas construcións. Estes terreos agrícolas están fortemente implantados debido á abundancia de auga, á calidade dos terreos e á pouca presión urbana.

O Val de Paul

O Val da Ribeira de Paul é un espazo con gran valor paisaxístico que se localiza ao norte do municipio, comeza en Cabo de Ribeira e vai de sueste a nordeste, desaugando no Océano Atlántico na Cidade das Pombas.





Ao longo do camiño atopamos exemplos de edificacións tradicionais, consistentes en un ou máis volumes en forma de L, U ou en paralelo, con muros exteriores de pedra local e cuberta inclinada a dúas augas de palla. Aparece illada ou en pequenos grupos situados con frecuencia en lugares pouco accesibles, nas inmediacións de parcelas agrícolas, posuíndo un alto valor paisaxístico e de identidade cultural.





Atopamos tamén outra tipoloxía coñecida como "sobrados". Está composta por un volume prismático recto de planta rectangular, con muros exteriores de pedra, estrutura de cuberta e de piso de madeira e cuberta inclinada a catro augas de tella. Esta tipoloxía normalmente ten dous andares e o corpo principal aparece case sempre diferenciado dos anexos. A imaxe representa a variante rural dos sobrados, que se implantan con forma de L, definindo un patio central ou lateral onde se localiza a industria (trapiches e alambiques) de produción de grogue (augardente feita coa cana de azucre).



A agricultura practícase tanto na base do val coma por medio de socalcos, contan cun sistema de canles de auga que regan os espazos agrícolas.











Ademais de coñecer o entorno físico, comecei a descubrir algúns dos problemas do municipio:

Entre os problemas urbanísticos detectados, é preciso destacar as deficiencias da rede de saneamento da Cidade das Pombas e a ausencia desta rede no resto do municipio. Nese momento estábase intentando por parte da Cámara Municipal conseguir financiamento para un proxecto que resolvera estas cuestións.

Tamén existen dificultades habitacionais. A vivenda é un dos maiores problemas do lugar, xa que presentan moitas deficiencias e é necesario mellorar as condicións de vida da poboación. Desde a Cámara estanse a desenvolver diferentes programas de cooperación con parceiros nacionais e estranxeiros, entre os que se atopa o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Nestes programas participan moi directamente as familias e o persoal técnico da Cámara dialoga coa poboación para que se responsabilicen das súas propias casas, xa que se trata dun aspecto moi relacionado coa dignidade das persoas. Normalmente optan pola rehabilitación antes que pola nova construción, porque é menos complicado para os medios dos que dispoñen, e sempre implican ás familias no proceso, responsabilizándoas por algo que é delas e para elas.

Cabe destacar que existe un déficit de recursos financeiros, materiais e humanos. Hai una alta taxa de desemprego, que está a ser combatida pola Cámara a través da formación profesional, na que mocidade e mulleres teñen prioridade.

Outros dos problemas sociais detectados é que existe unha elevada taxa de embarazos na adolescencia, xente nova entre os 14 e 15 anos que abandona a escola e acaba por entrar no ciclo da pobreza. Neste senso, a Cámara está a facer traballos de prevención e sensibilización, ao igual que coa integración da muller na sociedade, como parte integrante do desenvolvemento local. A Cámara xa ten aprobado o Plan Municipal de Igualdade e Equidade de Xénero, proxecto que foi impulsado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Pero ao mesmo tempo que coñecía a problemática do lugar, tamén fun descubrindo as enormes posibilidades do Paúl, como son as paisaxes, as potencialidades naturais, os recursos hídricos abundantes, e como non, a súa xente.

Para traballar esas potencialidades e para dar solución a todos os problemas existentes no Paúl, a Cámara conta cun importante instrumento, o Plano Estratéxico (PE), documento orientador das políticas públicas de desenvolvemento local para o horizonte 2020, que ten como dominios estratéxicos a redución do desemprego e da pobreza, a capacitación técnica, profesional e tecnolóxica, e mais a creación de infraestruturas de desenvolvemento e dun tecido económico local forte, xunto coa promoción do desenvolvemento sociocultural equilibrado e da calidade ambiental.

Para comezar o meu traballo de colaboración co persoal do gabinete técnico, precisaba coñecer os documentos de planificación estratéxica, e estiven analizando o Plano Director Municipal (PDM) e o Plano Detallado (PD) da Cidade das Pombas. Nese momento estábanse a elaborar os Planos Detallados dos núcleos de Pontinha de Janela e Cabo de Ribeira. Tamén puiden coñecer os traballos que estaba executando a Cámara Municipal, como a construción de accesos ás localidades, dun equipamento deportivo en Cidade das Pombas, de pontes que comunican as marxes das ribeiras (como a de Ribeira de Janela), etc.

O TRABALLO NO GABINETE TÉCNICO DA CÁMARA MUNICIPAL

Supervisión dos traballos de rehabilitación de 22 vivendas na localidade de Eito a través do proxecto de recualificación urbana financiado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade



Durante varias xornadas tiven a oportunidade de asistir xunto con parte do persoal do gabinete técnico da Cámara Municipal ás visitas de seguimento das obras de rehabilitación de 22 vivendas na localidade de Eito, financiadas polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, o Concello de Vigo e a Cámara Municipal de Paúl.

Eito é un dos principais núcleos poboacionais do municipio de Paúl xunto con Cidade das Pombas, Janela e Cabo de Ribeira. O sistema urbano da localidade de Eito caracterízase por aglomerados difusos, onde a separación entre o construído e o natural é clara.

Segundo o Plan Director Municipal de Paúl, a política a seguir en Eito é a da consolidación dos espazos interiores das áreas urbanizadas e a da concentración urbana en torno aos núcleos existentes.

Este proxecto de recualificación urbana ten o obxectivo principal de mellorar as condicións de vida das persoas da localidade de Eito que contan con menos recursos. Acadando as condicións mínimas de habitabilidade tamén se consegue mellorar a estética do lugar. Entre as obras executadas dentro desta iniciativa apoiada polo Fondo Galego de Cooperación, supervisáronse obras de mellora dos acabados exteriores e interiores das casas, obras de construción e reforma de baños e cociñas e obras de rehabilitación integral de vivendas.










Tiven a oportunidade de asistir ao acto de entrega das 22 vivendas rehabilitadas nesta localidade, no que todas e todos os participantes no desenvolvemento deste proxecto, incluídos a presidenta da Cámara Vera Almeida, vereadoras e vereadores, persoal do gabinete técnico, persoas beneficiarias e todo o pobo de Eito, participaron nunha acción de intercambio de experiencias e opinións con respecto a esta intervención cofinanciada polo Fondo Galego.

PROJECTO DE REABILITAÇÃO
DE 22 HABITAÇÕES EM EITO - PAUL
Financiadores:
Fundo Galego de Cooperação e Solidariedade
Câmara de Vigo
Câmara Municipal do Paul
Beneficiários
JUNHO de 2011

Colaboración co persoal do gabinete técnico na redacción de proxectos e impartindo formación

Durante a miña estadía no Paúl, estiven a colaborar co gabinete técnico na redacción dun anteproxecto para a construción dun parque de bombeiros e un aparcadoiro para os vehículos da Cámara Municipal. Foi este un proxecto delicado, debido sobre todo á localización deste equipamento municipal de grandes dimensións, no núcleo histórico da vila, moi próximo á igrexa.





Colaborei tamén na redacción dun anteproxecto para a construción dunha vivenda social na localidade do Figueiral. A vivenda situábase nunha parcela rectangular de 13,50 m x 6,50 m e tan só tiña unha fachada con posibilidade de ventilación e iluminación natural, xa que as outras tres se atopaban completamente enterradas. Desenvolvíase en planta baixa, pero debíamos prever a colocación dunha escaleira, que lle permitira á familia incrementar con



posterioridade a altura da vivenda nun andar máis, para dar resposta a futuras necesidades.

Durante varias xornadas estiven a amosarlle a parte do equipo do gabinete técnico o funcionamento de programas informáticos de deseño gráfico e programas para a elaboración de medicións e orzamentos.

Unha visita de obra moi especial

Todo comezou cando José Luis, o arquitecto do gabinete técnico, me preguntou se ao día seguinte estaba disposta a camiñar e eu respondinlle que si sen saber a onde era que iamos.

O punto de partida foi o cráter de Cova, unha caldeira volcánica, con forma circular, de 800 m de diámetro, cuxa parte inferior se atopa actualmente a 1.100 m de altitude e a súa envolvente a 1.265 m. Desde logo, un bo comezo a pesar de que non soubese que era o que estabamos facendo alí.



Comezamos a subir ata chegar ao cumio da vertente nordeste da Cova, e isto foi o que atopei.



A vertente nordeste da Cova descende dende os 1.200 m aos 630 m de altitude, uníndose coa Ribeira de Paúl a través dun extenso túnel de lava. Nesta localización era onde se achaba a obra que iamos visitar: a reparación do camiño que une Cova Cráter con Cabo de Ribeira. Poderédesvos imaxinar todas as dificultades que existen ao facer calquera pequena intervención neste lugar.





E para que quede constancia de que foi unha visita a obra e non un simple paseo, amósovos a continuación unha imaxe da visita da dirección da obra.



CONCLUSIÓNS E AGRADECEMENTOS

Comezarei estas conclusións afirmándome nas declaracións que fixen a algún medio de comunicación antes de marchar, cando me preguntaban as miñas expectativas ante a viaxe, e declaraba que pensaba que ía recibir máis do que seguramente podía achegar.

En moi pouco tempo e a pesar de non ter sido capaz de comunicarme en idioma crioulo, nin de beber grogue, sentinme unha paulense máis, e isto foi moi sinxelo debido a que a "morabeza paulense" sempre estivo presente.

A miña completa adaptación resultou posible grazas a toda a xente que fun coñecendo ao longo deses trinta días no Paúl, polo que tan só me queda dar o meu máis sincero agradecemento a todo o persoal técnico e político da Cámara Municipal pola súa acollida; ao equipo do gabinete técnico por todo o que compartimos; a Joana, Cindy e César polo ben que me coidaron; e ao Señor Jon, Germana, Alberto, Lesly, Julio e a toda a poboación do Paúl pola súa morabeza, por dar todo a cambio de nada, a pesar de non ter tanto coma nós.

Tamén quero agradecer ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade esta oportunidade que me deron de participar neste programa, e en definitiva de crecer profesional, pero sobre todo persoalmente.

A modo de conclusión, debo dicir que esta foi unha experiencia vital única e inmensamente enriquecedora, despois da cal estou desexosa de continuar o meu breve pero moi satisfactorio camiño no ámbito da cooperación.

Blog da experiencia:

http://www.vacacionscontraballoencaboverde.blogspot.com



TESTEMUÑO DE JOAQUÍN LEDE MARTÍNEZ

Coordinador de proxectos europeos na Deputación de Pontevedra. Cámara Municipal de Porto Novo, Cabo Verde.

PRIMEIRA SEMANA EN CABO VERDE

04/10/2011.- Viaxe e chegada a Santo Antão, Cabo Verde.

A medida que pasan os anos e vou coñecendo máis sitios, observo a realidade con máis atención. Na actualidade, non acostumo a acumular moitas imaxes das viaxes que fago e que, probablemente, nunca volverei ver. No entanto, neste caso tirei fotografías da miña experiencia en Cabo Verde, considerando que debo rexistrar a evolución da miña experiencia dentro do programa Vacacións con Traballo.

Cabo Verde xa era un país coñecido, pero non a illa de Santo Antão. Este lugar resultou moi interesante desde o punto de vista xeográfico, xa que se trata dunha illa volcánica que, porén, ten unhas paisaxes montañosas bastante fermosas. Todos os vales e ribeiras entre montañas albergan lugares impresionantes, pouco accesibles, tranquilos e moi verdes.

Tanto a viaxe como a chegada foron moi normais. En canto desembarquei en Porto Novo, o concelleiro do municipio estábame esperando cun condutor para

levarme ao meu aloxamento, un hotel de catro estrelas no que non había moitos hóspedes.





05/10/2011.- Durante este día ocupamos parte do tempo en coñecer as instalacións e o persoal da Cámara de Porto Novo. O edificio orixinario de carácter colonial aínda é utilizado, pero quedou pequeno para todos os servizos que prestan, que están dispersos en diferentes lugares.



No entanto, a Cámara Municipal está facendo un importante esforzo para construír un edificio novo no que todos os servizos estean centralizados e que entraría en funcionamento no mes de outubro.



O resto do tempo foi dedicado á consulta do portal de Administración electrónica da República de Cabo Verde. Resulta sorprendente ver que xa prestan cantidade de servizos telemáticos cuxa implantación nin sequera está prevista en moitas Administracións europeas. O enderezo é www.portondinosilha.cv.



Neste portal, as cidadás e cidadáns de Cabo Verde poden realizar numerosos trámites ante as Administracións públicas: solicitar certificados, crear unha empresa, realizar pagamentos de taxas e impostos, consultar o catastro, etc.

06/10/2011.- Asistencia a unha charla de Don Amadeu Cruz, presidente da Cámara Municipal de Porto Novo. Esta charla consistiu nunha reunión de traballo do presidente cun grupo de estudantes do último curso da carreira de Xornalismo da Universidade de Cabo Verde patrocinados polo xornal 'A Nação'.



O tema da charla foi 'Desenvolvemento en Porto Novo'. E a continuación engado unha síntese das palabras do presidente:





A cidade estableceuse en 1962, cando o goberno portugués decidiu crear o municipio mediante decreto. É o concello mais urbano, ocupa 2/3 da illa e posúe arredor duns 18.000 habitantes. Os sectores produtivos son a agricultura, a pesca o sector pecuario e o sector servizos. Tamén posúe recursos hídricos, fundamentais para a supervivencia nunha illa. No ámbito da cultura, conta con referencias culturais como a romaría de São João Baptista e ten pouco patrimonio arquitectónico construído.

As liñas mestras para a política económica son:

1. A capacitación dos recursos humanos. Non pode haber desenvolvemento sen capacitación dos recursos humanos. Para saír da pobreza é necesario ter acceso ao coñecemento.

2. A iniciativa privada é o motor do desenvolvemento económico-empresarial. Débese favorecer o investimento privado independentemente da súa orixe e eliminar barreiras sobre os investimentos.

3. Loita contra a exclusión social. A poboación non pode ser dependente da boa vontade do Estado. A liberdade do ser humano depende da súa capacidade de realizar os seus soños. Para loitar contra a exclusión social débese apostar polo desenvolvemento económico e pola educación. Neste sentido, a Cámara Municipal ten políticas activas básicas de asistencia social, saúde, etc.

4. Bens e servizos públicos comúns. Infraestruturas: porto marítimo, auga, telecomunicacións, estradas, infraestruturas para a pesca, saneamento básico, etc.

Os puntos fortes de Porto Novo son:

1. Pesca.

2. Sector pecuario extensivo e intensivo.

3. Horticultura, xa que hai reservas de auga e condicións para intensificala.

4. Potencial para desenvolver a industria de transformación.

5. Vínculo directo co resto do país; o turismo sostible axudará a desenvolver os demais sectores. Segundo o presidente, "o país necesita pensar no que non é evidente". Propón como idea que Santo Antão acolla o aeroporto da illa de São Vicente, xa que este ten pouco potencial de desenvolvemento. Tamén se debe potenciar o turismo interno.

Os puntos fracos de Porto Novo son:

1. Excesivo partidismo e politización dos asuntos. Débese discutir a proposta en si mesma, sen ver que partido a propón.

2. Pouca presenza de industria.

3. Ausencia de suficientes técnicas e técnicos (fuga de cerebros).


4. Infraestruturas mellorables.

5. Baixa divulgación das potencialidades.

Logo das preguntas realizadas polos estudantes de xornalismo, a charla rematou cunha chamada á responsabilidade dos mesmos no sentido de que proxectasen nos seus artigos unha visión positiva do concello.

Ao rematar a reunión, a miña impresión é que as consignas que se deron sobre desenvolvemento local son aplicables á moitos territorios supostamente desenvolvidos. A maioría dos problemas son comúns, pero a diferenza radica na cantidade de fondos dispoñible para resolvelos.


Á hora de comer, tiven a oportunidade de ir a un establecemento hostaleiro bastante inaccesible da illa. A paisaxe era incrible. Fun convidado polo Concello a través da Confraría do Grogue de Santo Antão. O grogue é unha augardente procedente da destilación do líquido da cana de azucre. Esta agrupación constitúese nunha especie de sociedade gastronómica que neste caso celebraba un encontro con persoeiros das illas Açores. Rodaban un documental gastronómico para a Radio Televisión Portuguesa (RTP) que formaba parte dunha serie chamada 'Sabores das Ilhas'. Teñen un grupo homónimo en Facebook.





07/10/2011.- O programa de traballo deste día centrouse na asistencia a unha reunión con diversos técnicos da Cámara Municipal e na análise dunha convocatoria de subvención da obra social de La Caixa.

A primeira vista, esta convocatoria xa non se adaptaba por razón da materia ás necesidades da Cámara Municipal de Porto Novo. No entanto, foi analizada polo miúdo para ver se se podería realizar total ou parcialmente algunha acción e/ou actividade. Finalmente foi descartada.



SEGUNDA SEMANA EN PORTO NOVO

10/10/2011.- A xornada deste luns centrouse na elaboración do blog Vacacións con Traballo 2011: http://vacacionscontraballo2011.wordpress.com/

11/10/2011.- En principio, neste día estaba previsto revisar o Plan de Acção Municipal do Concello de Porto Novo. Porén, ao concelleiro responsable xurdiulle unha circunstancia persoal inaprazable e tivo que realizar unha viaxe con ur-

xencia. En consecuencia, o traballo centrouse na análise de posibles axudas de financiamento, comezando polas da Comisión Europea a través do Europe Aid (http://ec.europa.eu/europeaid/index_es.htm).

Neste punto, creo que resulta fundamental explicar como funciona a oficina de Cooperación EuropeAid da Comisión Europea. Esta oficina implementa os instrumentos de financiación para a axuda exterior no marco das perspectivas financeiras 2007 a 2013. O obxectivo xeral destes instrumentos é a erradicación da pobreza nos países e rexións socios no contexto do desenvolvemento sostible. Con base en documentos de estratexia e programas de acción anuais, o financiamento da UE realízase a través de apoio orzamentario, subvencións e contratos.

A programación é un proceso de toma de decisión esencial, que ten como obxectivo definir a estratexia da Comisión Europea, o orzamento e as prioridades para os gastos de axuda en países fóra da UE. As prioridades de asistencia da CE identifícanse en:

- Documentos de Estratexia xeral para o período 2007-2013

- Programas indicativos máis detallados que cobren os períodos 2007-2009 e 2010-2013

- Programas de Acción Anuais Detallados (AAP) para cada ano do período de programación.

Como se pode deducir, os procesos para a implementación de programas de axuda exterior son complicados, feito que dificulta a existencia de convocatorias en vigor apropiadas.

12/10/2011.- O Fondo Europeo de Desenvolvemento (FED) é o principal instrumento de axuda comunitaria á cooperación ao desenvolvemento prestada aos países ACP (África, Caribe e Pacífico). Por esta razón, estudáronse as seguintes vías de financiamento:

- Fondo fiduciario UE-África para infraestruturas
www.eu-África-infrastructure-tf.net.

http://www.eu-africa-infrastructure-tf.net/attachments/Publications/flyer%20sheet%20itf%2001%202010%20en.pdf



- European Investment Bank (Banco Europeo de Investimentos)
http://ec.europa.eu/europeaid/what/infrastructure-transport/index_en.htm


A maioría destas axudas canalízanse a través de ONG ou dos gobernos centrais, polo que a marxe do municipio de Porto Novo para solicitar financiamento nestes casos é moi reducida.

13/10/2011.- A análise de convocatorias non dá de momento un resultado positivo para a Cámara Municipal de Porto Novo. No entanto, proséguese na busca de algún tipo de financiamento. Isto deriva na consulta da web do goberno de Ca-



narias, onde se poden atopar as subvencións para proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Todas as convocatorias son antigas. Non existen novas convocatorias, dado que existe un aviso de cancelación de convocatoria 2011-2012.

14/10/2011. Persoal técnico do Concello de Porto Novo comentou a necesidade de buscar financiamento para dotar de material técnico e audiovisual as instalacións da Cámara Municipal.



Esta convocatoria excluía expresamente ás entidades públicas, razón pola que o Concello de Porto Novo non podería resultar beneficiario. Por outro lado, tamén foi analizada a páxina web das Nacións Unidas en Cabo Verde (http://www.un.cv/):



Así mesmo, por iniciativa propia, pedín ao persoal da Cámara o Plan de Acción Municipal para botarlle unha ollada e ver as liñas estratéxicas deste municipio para o futuro. Comentaron que mo proporcionarían para analizalo.

TERCEIRA SEMANA EN CABO VERDE

17/10/2011.- A terceira semana comezou coa análise do orzamento do Concello de Porto Novo que foi proporcionado por un técnico municipal.



Trátase dun documento denso aprobado polo órgano de goberno competente (asemblea municipal). Para facer un símil, trataríase do equivalente ao orzamento dunha Administración local española xunto coas súas correspondentes bases de execución. Un aspecto curioso deste documento, entre outros, é que fixa un límite para o endebedamento desta Administración local.

18/10/2011.- Ese día tivo lugar unha reunión de traballo co presidente da Cámara Municipal. Desculpouse por non poder realizar un seguimento debido á baixa do concelleiro a cargo de Vacacións con Traballo. Así mesmo, comentou que me sería proporcionado o orzamento do Concello así como o plano de actividades. Logo de finalizar a xornada laboral, enviáronme esta documentación por correo electrónico. A maiores, fixéronme chegar nove documentos: Contextualización, Condicións sociais, Patrimonio, Paisaxe e recursos, Agricultura e sector pecuario, Accesibilidade e mobilidade, Infraestruturas: abastecemento de enerxía eléctrica, Equipamentos e Sistema urbano.

Poderíase dicir que entre todos conformarían unha especie de estudo socioeconómico do concello. En total, conforman 235 páxinas que procurei ler na medida do posible.

19/10/2011.- Ademais de continuar coa lectura de toda a documentación recibida, foi enviado o proxecto Rádio Rural do Porto Novo 'R+FM', que consiste na creación dunha emisora de radio rural, no Concello de Porto Novo. O proxecto foi elaborado pola Associação de Desenvolvimento Santo André – R+ e resulta moi interesante. En consecuencia, comézase a buscar financiamento.

20/10/2010.- Existen outro tipo de convocatorias temáticas para o financiamento de proxectos sectoriais. Na busca das mesmas, atopouse a web do Centro Regional da CEDEAO para a Energia Renovável e Eficiência Energética (ECREEE) http://www.ecreee.org

En concreto, existe unha convocatoria do Fundo para as Energias Renováveis da CEDEAO (EREF) que pechou hai relativamente pouco tempo. Porén, esta información pode ser de utilidade para o futuro.



21/10/2011.- Neste punto, decido cambiar a forma de sistematizar na presente memoria as buscas que se están a realizar. Ata agora, tomábanse imaxes das



máis importantes que eran incluídas neste documento. Isto impedía apreciar a verdadeira dimensión e profundidade do traballo que se está a realizar. Por esta razón, a partir de agora as convocatorias consultadas serán só mencionadas e plasmarase algunha imaxe dos resultados dos motores de busca das mesmas.

A imaxe anterior pertence a www.welcomeurope.com:

A través desta imaxe pódese apreciar o número de convocatorias analizadas. Segundo un determinado criterio de busca introducido, saíron 600 convocatorias. Este traballo repítese con outros criterios de busca, así como con diversas combinacións dos mesmos. Mentres estas convocatorias se visualizan, a maioría do tempo esgótase debido á baixa velocidade ou incluso á caída da rede internet.

Tal como se comentou anteriormente, o Fondo Europeo de Desenvolvemento (FED) é o principal instrumento de axuda comunitaria á cooperación ao desen-



volvemento prestada aos países ACP (África, Caribe e Pacífico). Neste sentido, realízanse buscas a través do seu buscador para convocatorias abertas e previstas, sen resultados positivos.

Non entanto, si existen algunhas convocatorias cuxo prazo está pechado e das que se informará para a súa solicitude nunha futura posible apertura:



CUARTA "SEMANA" EN CABO VERDE.

24/10/2011.- A estancia durante a cuarta "semana" en Porto Novo redúcese a un día de traballo e outro para a viaxe de volta.

O último día de traballo centrouse na redacción dun documento simple que será enviado aos técnicos da Cámara Municipal no que se conteñen unhas conclusións acerca da estratexia máis adecuada para solicitar financiamento.

APUNTAMENTO FINAL

Durante a estancia de traballo nas dependencias do municipio de Porto Novo existiron certas dificultades técnicas en relación á rede internet. De non ser polas mesmas, os resultados terían sido mais frutíferos. Porén, e tendo en conta as circunstancias, foi posible dispor de medios técnicos adecuados para o desenvolvemento da cooperación requirida, contando sempre coa excelente predisposición do persoal técnico municipal.

VALORACIÓN GLOBAL

Pódese dicir que a vida en Cabo Verde non parece doada polas dificultades económicas e esforzos que diariamente pasa a poboación. A pesar das circunstancias, a contorna fai que a xente valore máis todas e cada unha das cousas que lle ocorren a cotío. Na miña opinión, as persoas afrontan a vida diaria e observan a realidade con moita tranquilidade e ilusión. Cando convives con elas, tes a certeza de que absolutamente todo se consegue a base de grandes

esforzos e de solidariedade, e de que a xente é educada, humilde, desinteresada e agradecida.

A valoración global da experiencia é altamente positiva. A personalidade dunha persoa vaise conformando coa doutras coas que se vai atopando ao longo da vida, así como coas experiencias vividas. A estadía en Cabo Verde foi unha experiencia que cambiou a miña vida en todos os aspectos.

Blog da experiencia:

http://vacacionscontraballo2011.wordpress.com

EPÍLOGO

Cristina, Diego, María José e Joaquín din que non van esquecer esta experiencia. Os proxectos, as xentes, as paisaxes... Todo fica xa gravado na memoria e agora tamén nestas páxinas. Xusto cando se abre a sexta edición de Vacacións con Traballo, o programa de voluntariado internacional promovido polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Empregadas e empregados de Administracións locais e provinciais galegas viaxan cada ano ao Sur para achegar os seus coñecementos nas entidades parceiras do Fondo Galego. Ao tempo, aprenden xeitos de facer diferentes, mergúllanse nunha cultura descoñecida e enchóupanse do carácter dun novo lugar. Á volta, todas e todos eles son conscientes desoutra realidade e, o máis importante, sensibilizan a cada unha das persoas coas que comparten esas vivencias.

Cristina, Diego, María José e Joaquín din que unha experiencia de voluntariado nun país do Sur che cambia a vida. O persoal das Deputacións e Concellos socios do Fondo Galego ten un ano máis a oportunidade de comprobalo.

fondo galego
de cooperación e solidariedade

www.fondogalego.org

XUNTA DE GALICIA

cooperacióngalega

Coa colaboración de

INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL
20 ANIVERSARIO 2011
IGADI

O Fondo Galego é membro da

CONFEDERACIÓN
Fondos de Cooperación e Solidariedade

